



NOTIFICACIÓN

A concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, acordou con data do 30.09.2019, unha Resolución que transcrita literalmente di o seguinte:

“A Concellería de Igualdade e Muller co gallo do 25 de novembro de 2019 “Día internacional da eliminación da violencia contra muller” ten previsto organizar diferentes actividades entre as que se encontra a realización do “Obradoiro de autocoidados e xestión de emocións”.

Este obradoiro está dirixido ao colectivo de mulleres con especial vulnerabilidade e necesidades específicas, e levarase a cabo durante os meses de outubro e novembro, en quendas de mañá e tarde.

O prazo para inscribirse será dende o 4 ao 15 de outubro.

O único requisito para participar será que as mulleres estean empadroadas no Concello de Ferrol.

A vista do exposto propóñolle a concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a realización do “Obradoiro de autocoidados e xestión de emocións”

Segundo.- Aprobar o prazo para solicitar o mencionado obradoiro dende o 4 ao 15 de outubro.

Terceiro.- Publicar a listaxe de admitidas o 18 de outubro na páxina web do Concello de Ferrol (www.ferrol.gal/sede electrónica/Taboleiro de Anuncios.”

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Casa do Concello,

O secretario xeral